

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2024-25



Ámbito de Comunicación ESA

(Módulos 3 e 4)

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
IES Armando Cotarelo Valledor

PROGRAMACIÓN DE COMUNICACIÓN DE 3º/4º DE ESA

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

CENTRO: IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR

CURSO 2024/2025

Autora: Beatriz González Blanco

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: ELEMENTOS CURRICULARES.....	3
3. TEMPORLIZACIÓN E UNIDADES DIDÁCTICAS.....	8
4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	16
5. MATERIAIS E RECURSOS.....	17
6. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	17
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	18
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	18
9. PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO.....	19

1. INTRODUCCIÓN

A programación de comunicación de ESA está elaborada ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (**LOMLOE**). Seguimos a **Orde do 2 de outubro de 2024** pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo a nosa planificación ten en conta a **Orde do 12 de abril de 2024** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/2025 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galiza.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións esixen o desenvolvemento das competencias necesarias que axudan aos individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea. O eixe do currículo do ámbito de Comunicación aborda de maneira directa as dimensións comunicativas, interculturais, cidadás e cívicas necesarias para que o alumnado asuma responsablemente os seus deberes e coñeza e exerza os seus dereitos a partir da aprendizaxe da orixe e da evolución das sociedades, a construción europea, os valores democráticos e a cidadanía activa. Os obxectivos deste ámbito supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa, que serán o punto de partida para esta etapa en que se deberán ter en conta tanto as características específicas do alumnado como os seus repertorios e experiencias, co fin de garantir a súa inclusión social, a súa inserción no mundo laboral e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

2. A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: ELEMENTOS CURRICULARES

2.1. OBXECTIVOS

Atenderanse aos **obxectivos** (obxs.) **do ámbito**, que son os seguintes:

OBX1. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir das tres linguas do ámbito, a través da identificación das linguas da contorna e as súas semellanzas e diferenzas coa lingua estranxeira e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais, escritos e multimodais, identificando o sentido global e a información relevante, explícita e implícita para construír coñecemento e satisfacer diversas necesidades e intereses comunicativos.

OBX3. Producir textos orais, escritos e multimodais con corrección gramatical e ortográfica, coherencia, claridade e rexistro adecuados, seriando correctamente os contidos para expresar ideas, sentimentos e conceptos e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.

OBX4. Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.

OBX5. Desenvolver habilidades de lectura autónoma e acompañada, analizando e seleccionando obras literarias segundo os gustos e intereses persoais e identificando os xéneros e convencións para recoñecer a literatura como manifestación artística e fonte de pracer e coñecemento.

OBX6. Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e reflexionar sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para o desenvolvemento da conciencia lingüística, a mellorara das destrezas de produción e comprensión nas linguas cooficiais e a resposta a necesidades comunicativas básicas na lingua estranxeira.

OBX7. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.

OBX8. Comprender, en lingua estranxeira, o sentido xeral e información específica que se poida predicir de textos moi breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio para desenvolver un repertorio lingüístico básico e responder a necesidades comunicativas cotiáns.

OBX9. Producir, en lingua estranxeira, textos moi sinxelos e breves de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio para expresar mensaxes breves relacionadas con necesidades básicas inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiáns.

OBX10. Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas, usando expresións básicas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.

OBX11. Iniciarse na mediación en situacións predicibles entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos co fin de facilitar a comunicación para procesar e transmitir información básica e moi sinxela.

2.2. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave da educación básica son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Os obxectivos do ámbito van contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias clave, especialmente das seguintes:

- Da competencia en comunicación lingüística (CCL), por medio da lectura de textos, redactando distintas producións, creando un poema, analizando unha noticia, etc.
- Da competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) por medio do traballo autónomo e coa creatividade nos proxectos.
- Da competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC), por medio dunha exposición sobre as mulleres científicas, por exemplo.

2.3. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Atenderemos aos contidos e criterios de avaliación recollidos na Orde do 2 de outubro de 2024., os contidos aglutinan os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para o logro dos obxectivos deste ámbito e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios de avaliación. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos obxectivos e cos contidos.

No borrador os **contidos** do ámbito distribúense en sete bloques, dos que á hora de impartir a lingua galega e castelá, traballamos os seis primeiros bloques.

Bloque I: A linguas e os seus falantes, que pretende familiarizar o alumno coa diversidade cultural e lingüística incentivando a reflexión interlingüística e rexeitando prexuízos lingüísticos. Tamén promove a mellora da comunicación nas linguas do ámbito e o uso dunha linguaxe inclusiva e respectuosa coas diferenzas e a perspectiva de xénero.

Bloque II: Comunicación oral, que intenta desenvolver habilidades de pronunciación, interpretación de informacións, produción de textos orais e as interaccións na aula. A lectura e a produción oral contribuirán á comprensión textual e á aprendizaxe das linguas do ámbito.

Bloque III: Comunicación escrita, que aborda a escrita das linguas do ámbito, incentivando o uso persoal e autónomo. Para iso é preciso o coñecemento do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e das dimensións éticas e estéticas. A produción de textos escritos e multimodais, así como a lectura e comprensión de textos, son esenciais para desenvolver habilidades de escritura e análise crítica da linguaxe.

Bloque IV: Alfabetización mediática e informacional, que enfatiza a procura, selección e análise crítica de informacións de diversas fontes documentais. Os alumnos desenvolverán habilidades de busca, investigación e comunicación de informacións de forma persoal e creativa, respectando a propiedade intelectual. As bibliotecas, físicas ou virtuais desempeñan un papel fundamental no desenvolvemento de proxectos interdisciplinarios e no uso de recursos dixitais.

Bloque V: Educación literaria, que busca formar alumnos competentes na lectura, nun proceso continuo de formación ao longo da vida. Iso inclúe a lectura, a comprensión e interpretación de obras axeitadas, o recoñecemento dos elementos literarios, de dramatización e a creación de textos nas linguas do ámbito. As bibliotecas serán espazos esenciais para as actividades literarias compartidas.

Bloque VI: Reflexión sobre a lingua, que convida a pensar sobre a lingua e os seus usos, e enfócase no coñecemento das linguas do ámbito, mellorando a produción e a comprensión de textos orais, escritos e multimodais. O alumnado establecerá xeneralizacións básicas na organización da lingua, regras de acentuación, concordancia e relación entre palabras, ademais de reflexionar sobre a situación do galego nun contexto plurilingüe. A competencia comunicativa desenvolverase a través da integración de diferentes linguas e a identificación das súas semellanzas e diferenzas.

Bloque VII: Comunicación em lingua estranxeira.

Bloque.	OBX.	Criterios de avaliación	Grao mínimo de consecución
B1	OBX1	CA1.2.	Detectar de forma autónoma e en contextos próximos prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes.
B1	OBX7	CA1.3.	Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal e a experiencia persoal.
B1	OBX7	CA1.4.	Usar unha linguaxe respectuosa no intercambio cos demais.
B2	OBX2	CA2.1.	Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema e as ideas principais.
B2	OBX3		Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral con textos sinxelos: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e interpretar.
B2	OBX3	CA2.3.	Producir textos orais e multimodais sinxelos de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos.
B2	OBX3	CA2.4..	Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas sinxelas, incorporando estratexias de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.
B2	OBX3	CA2.5.	Expresarse oralmente con coherencia en situacións de comunicación sinxelas, cun vocabulario axeitado.
B2	OBX4	CA2.6.	Valorar a importancia dos medios de comunicación social.
B2	OBX7	CA2.7.	Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal e a experiencia persoal.
B2	OBX7	CA2.8.	Usar estratexias básicas para a escoita activa e a xestión dialogada de conflitos.
B3	OBX2	.	Ler textos escritos sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, valorando a lectura como desfrute persoal.
B3	OBX2	CA3.2.	. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos.
B3	OBX2	CA3.3.	Analizar de maneira guiada o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos, valorando o seu contido e a súa estrutura
B3	OBX3	CA3.4.	Producir textos sinxelos, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.
B3	OBX3	CA3.5.	Elaborar textos sinxelos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.
B3	OBX4	CA3.6.	Utilizar a biblioteca do centro, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado.
B3	OBX6	CA3.7.	Acadar un mínimo de destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.
B3	OBX7	CA3.8.	Construír, a través da linguaxe, unas mínimas nocións de pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.
B3	OBX7	CA3.9.	Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal e a experiencia persoal.
B4	OBX4	CA4.1.	Desenvolver un proceso de investigación individual guiado, sobre algún tema de interese, que implique a localización de información de distintas fontes.
B4	OBX4	CA4.2.	Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira guiada, ofrecendo información extraída de distintas fontes.
B4	OBX4	CA4.3. .	Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado de maneira guiada.
B4	OBX4	CA4.4.	Adoptar uns hábitos mínimos no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.
B4	OBX5	CA4.5.	Ler de maneira autónoma textos sinxelos de diversas fontes compartindo a experiencia da lectura
B5	OBX5	CA5.1.	Valorar os textos literarios seleccionados como recurso de desfrute persoal e coñecemento cultural.
B5	OBX5	CA5.2.	Utilizar as bibliotecas de centro como escenario de actividades literarias compartidas.
B5	OBX5	CA5.3.	Incorporar a lectura expresiva guiada e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.
B5	OBX5	CA5.4.	Escoitar e ler textos literarios diversos, relacionándoos con cada xénero literario.
B5	OBX5	CA5.5.	Producir textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados.
B5	OBX5	CA5.6.	Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros.
B5	OBX5	CA5.7.	Coñecer algúns textos literarios da tradición oral, partindo da propia experiencia persoal.
B6	OBX1	CA6.1.	Comparar algún aspecto básico das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.
B6	OBX3	CA6.2.	Producir textos escritos sinxelos, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
B6	OBX6	CA6.3.	Establecer xeneralizacións sinxelas sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma.
B6	OBX6	CA6.4.	Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma.
B6	OBX6	CA6.5.	Mellorar os textos propios mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.
B6	OBX6	CA6.6.	Pór en práctica os coñecementos das regras de ortografía e identificar de maneira xeral as categorías gramaticais.
B6	OBX6	CA6.7.	Aprender o vocabulario básico dos textos.

3. TEMPORALIZACIÓN E UNIDADES DIDÁCTICAS

1º CUADRIMESTRE: MÓDULO III					
UNIDADE	SESIÓNS	OBXS.	CRITERIOS	BLOQUES	UNIDADES
UD1: O merliño	3 sesións	Presentación. Avaliación inicial. Explicación dos criterios de cualificación			
UD2: A papuxa das amoras	12 sesións	OBX1 OBX3 OBX7 OBX2 OBX4 OBX5 OBX6	CA1.1 CA2.2 CA2.7 CA3.1 CA3.3 CA3.2 CA3.7 CA3.1 CA3.6 CA3.5 CA4.1 CA5.3 CA6.1 CA6.5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural; Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma; Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información); Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral; Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información); Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos; Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Uso das bibliotecas de aula, do centro, das virtuais e outras da contorna, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto; Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social; Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos

					procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento; Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe; Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
UD3: A pomba	13 sesións	OBX1 OBX3 OBX7 OBX2 OBX4 OBX5 OBX6	CA1.2 CA2.2 CA2.4 CA2.7 CA2.3 CA3.3 CA3.2 CA3.7 CA3.5 CA5.3 CA6.3 CA6.6	B1 B2 B3 B5 B6	Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes; Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións; Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas; – Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Producción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese; Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora; Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra; Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas; Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións

					concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
UD3: A lavandeira	14 sesións	OBX3 OBX7 OBX4 OBX2 OBX.5 CA6.2	CA2.2 CA2.3 CA2.7 CA2.6 CA3.3 CA3.2 CA3.7 CA3.5 CA5.2	B2 B3 B5 B6	Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expor de ideas; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, internet...; Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección; Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de desfrute persoal; Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.

UD4: peto verde	O	11 sesións	OBX3 OBX7 OBX2 OBX4 OBX6 OBX5 OBX6	CA2.2 CA2.7 CA3.3 CA3.2 CA3.7 CA3.8 CA3.5 CA4.1 CA4.3 CA5.2 CA6.7	B2 B3 B4 B5 B6	Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados que estimulen os seus intereses e gustos; Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; – Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; – Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación; Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta; – Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita; Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información; Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais de aula, do centro e da contorna; Funcionamento da biblioteca da aula, do centro e da contorna como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de desfrute persoal; Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados
			REPASOS			
		1ª quincena de febreiro	SESIÓN DE AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA			
		Maio de 2025	PROBA EXTRAORDINARIA			

2º CUADRIMESTRE: MÓDULO IV					
UNIDADES	SESIÓNS	OBXS.	CRITERIOS	BLOQUES	
	3 sesións	Presentación. Avaliación inicial			
U5: O pardal	11 sesións	OBX1 OBX7 OBX3 OBX2 OBX4 OBX5 OBX6	CA1.2 CA1.3 CA2.2 CA2.3 CA2.7 CA2.4 CA3.2 CA3.7 CA3.1 CA3.6 CA3.5 CA5.3 CA6.5	B1 B2 B3 B5 B6	A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística; Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal; Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Elaboración de textos orais, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos; Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Uso das bibliotecas de aula, do centro, das virtuais e outras da contorna, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais; Estratexias elementais para o uso de dicionarios en distintos soportes.
UD6: O carboeiro	12 sesións	OBX7 OBX3 OBX7	CA1.4 CA2.2 CA2.8	B1 B2 B3	Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero; Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Estratexias de escoita

		OBX2 OBX4 OBX5 OBX6	CA2.7 CA2.3 CA3.2 CA3.7 CA3.4 CA3.5 CA5.1 CA5.3 CA5.7 CA6.5 CA6.6	B5 B6	activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Estratexias elementais individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual; Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura e organizados en itinerarios lectores; Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a elaboración crítica elemental das obras; Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países; Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa; Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
UD7: A azulenta	13 sesións	OBX3 OBX7 OBX4 OBX2 OBX5 OBX6	CA2.2 CA2.3 CA2.7 CA2.6 CA3.2 CA3.7	B2 B3 B4 B5 B6	Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía linguística; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e

			CA3.4 CA3.5 CA4.4 CA4.2 CA5.4 CA5.7 CA6.3 CA6.4		detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, internet...; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto; Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable; Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados; Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade; Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental; Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
UD8: A tagarela	14 sesións	OBX3 OBX7 OBX2 OBX4 OBX5 OBX6	CA2.2 CA2.7 CA2.4 CA3.2 CA3.7 CA3.1 CA3.9	B2 B3 B4 B5 B6	Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos; Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal; Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados que estimulen os seus intereses e gustos; Elaboración de textos orais, con utilización correcta dos

			CA3.5 CA3.3 CA4.1 CA5.1 CA5.6 CA6.7		elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas; Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación; Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz; Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta; – Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes; Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación; Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras; ,Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas; Estratexias de elaboración de contidos a partir da información obtida noutros textos coas convencións formais elementais; Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados; Identificación de recursos literarios; Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos
	3 de xuño	REPASO			
	A partir do 9 de xuño	SESIÓN DE AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA			
	Entre o 18/20 de xuño	PROBAS EXTRAORDINARIAS			

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas	70%	En cada módulo faranse, como mínimo, unha proba escrita. Este 70% da cualificación obtense da media aritmética das distintas probas.
Oralidade	10%	Realízase unha exposición oral en cada avaliación, sobre algún tema do currículo ou sobre outros temas propostos polo profesor/a.
Lecturas	10%	O alumnado debe ler polo menos unha obra literaria en cada avaliación, que será avaliada mediante un control de lectura (escrito ou oral) ou un traballo proposto. Estas probas valorarán a comprensión da obra e a expresión escrita ou oral á hora de comentala.
Traballo	10%	Valorase o traballo e a participación do alumno/a, a realización adecuada das tarefas encomendadas,.

Para avaliar a oralidade, a lectura e o traballo utilizaranse táboas de indicadores (listaxe de cotexo, rúbrica...). Os outros contidos avalíaranse mediante proba escrita.

Cualificación, recuperación e convocatorias ordinaria e extraordinaria na ESA

- A nota da avaliación será a suma de todas as porcentaxes anteriores. Para obter o aprobado, o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 puntos. Haberá como mínimo unha proba parcial.

• Para establecer a cualificación do Ámbito de Comunicación cando interveñan dous profesores ou profesoras, realízase a media ponderada dos dous submódulos integrados nel, de xeito que o Submódulo de Lingua Estranxeira nunca teña unha valoración superior ao 30% da cualificación do módulo correspondente. No caso do alumnado exento de lingua galega, a nota corresponde un 50% a lingua estranxeira e o outro 50% a lingua galega e castelá.

- As sesións de avaliación final ordinaria dos módulos impartidos no primeiro cuatrimestre terán lugar na primeira quincena do mes de febreiro e realízanse a partir do 9 de xuño de 2025 no caso dos módulos do segundo cuatrimestre.
-

- As probas extraordinarias correspondentes aos módulos impartidos no primeiro cuadrimestre realizaranse antes de rematar o mes de maio de 2025. No caso dos módulos impartidos no segundo cuadrimestre, as probas extraordinarias terán lugar entre o 18 e o 20 de xuño de 2025, ambos incluídos.
-

Consideracións relativas á corrección lingüística na ESA

Nas probas escritas poderá descontarse ata un 10% da cualificación da devandita proba por erros ortográficos e gramaticais. Descontarase 0,1 punto por cada erro.

- Considéranse erros ortográficos e gramaticais os seguintes: uso de tempos verbais compostos, mala colocación do pronome persoal átono, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*), acentuación diacrítica e non-diacrítica, solucións alleas ao estándar vixente etc.
-

5. MATERIAIS E RECURSOS

O alumnado non ten como referencia un libro de texto concreto, traballaremos con distintas fontes como consulta. Proporcionaráselle así mesmo distintos materiais: fichas, material fotocopiado de distintas editoriais, dicionarios de termos e de sinónimos (en papel e en liña), recursos audiovisuais, páxinas web de interese: (<https://academia.gal/>; <https://bvg.udc.es/>; <https://www.galicia.gal/> etc), material publicado pola propia Consellería, artigos de prensa, fragmentos de lectura, folletos, trípticos etc. Disporá así mesmo dunha aula virtual como apoio.

6. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A singularidade da educación secundaria de adultos supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza, tendo en conta a súa disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, horarios de traballo, conciliación familiar, diversidade familiar, etc., a irregularidade na asistencia á clase etc., fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica deste alumnado. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias clave establecidas para o módulo.

A intervención educativa no ámbito de Comunicación desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos do ámbito e, en combinación co resto dos ámbitos, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos do ámbito e

as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Canto aos elementos trnasversais, dende o ámbito contribuiremos ao desenvolvemento; especialmente á: comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, ao fomento da creatividade e ao emprendemento. Ademais promoverase a igualdade entre mulleres e homes, evítaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria.

Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso e tendo en conta que estamos na ESA e que alumnado matriculado adoita ter diferente nivel, idade, grao de coñecemento, intereses...

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dende o de comunicación proporanse tanto actividades complementarias (dentro do horario lectivo) como actividades extraescolares (fora do horario lectivo).

- Comunicación para o alumnado (de Xaquín Rodríguez)
- Obradoiro de teatro, organizado polos Quinquilláns

- Obradoiro de poesía (organizado por Nuria Vil)
- Visita/ representación teatral dun autor/a local (organizado polo grupo Os Quinquilláns).
- Encontro con autores/as.

Ao longo do curso procurarase facer actividades en colaboración cos outros ámbitos e tendo en conta as propostas dos distintos departamentos e xefatura ou orientación.

9. PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

Este documento é un comezo, unha folla de ruta pero a viaxe en si é a que nos vai marcar o rumbo. Así, este plan é unha axuda , unha guía pero o camiño vano marcando os alumnos e alumnas. Sempre se pode revisar, modificar e engadir cuestións na programación porque é un documento vivo e flexible. Para avaliar a nosa programación contaremos cuns indicadores de logro, así como para avaliar a nosa función docente. Teremos uns indicadores de logro que avaliarán o proceso de ensino e a práctica docente. Os indicadores do proceso de ensino serían: se lograron os obxectivos, se se deron todos os contidos, se as actividades foron efectivas, se o tempo foi axustado, se se cambiaría algo, etc. Os indicadores para avaliar a práctica docente serían: as explicacións foron claras e suficientes, o material foi axeitado, as actividades foron variadas e adaptadas ao nivel, as probas foron suficientes, as rúbricas usadas foron útiles, etc.